



BOP

LUNS, 18 DE MARZO DE 2024

N.º 065

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A TURISMO, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 08 de marzo de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de Técnico/a Turismo da escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado pola persoa aspirante proposta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionaria de carreira a:

Dona Silvia Fernández Vila, para ocupar a praza número 189, denominada Técnico/a Turismo, escala administración especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Turismo Entrada número 1038, vinculado á citada praza.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de marzo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0698

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 08 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, (2) prazas de Maquinista-Condutor/a, cota xeral, grupo C- SubgrupoC2, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Jesús Santaefemia de la Fuente, para ocupar a praza número 3161, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 351, vinculado á citada praza.

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 3336, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 1469, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de marzo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0699

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

EXPEDIENTE INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DE PARCELA. Expte. 941/2023

En data 7/03/2024 foi ditado o Decreto da alcaldía 2024-0155 polo que se resolveu nomear instrutor e secretario, outorgar un trámite de información pública e audiencia aos interesados en expediente de investigación de titularidade da parcelacon RC: 27022A153006110000FX do Concello de Guitiriz, que se transcribe:

<< Dona María Sol MorandeiraMorandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Solicitude de Rafael Francisco RoigSoler co DNI ***958*** actuando en representación de Maria Flora Romay Rio e Manuel Alberto López Bello con número de rexistro 2022-E-RE-1608 de data 22/12/2022.
- Informe de data 11/01/2023 do técnico municipal de medio ambiente no que se conclúe: << *Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluir o seguinte: A parcela con RC: 27022A153006110000FX debe ser obxecto de expediente de investigación para esclarecer a súa verdadeira titularidade, xa que os indicios determinan que é de titularidade municipal* >>
- Providencia de alcaldía de data 6/12/2023 de incoar expediente de investigación de titularidade da parcela con RC 27022A153006110000FX do Concello de Guitiriz, no lugar de Brañicas (Lagostelle) en base ao sinalado no informe nº 2023-0007 de data 11/01/2023 do técnico municipal de medio ambiente.
- Informe xurídico nº 2023-258 de data 12/12/2023.

Considerando o disposto na seguinte normativa específica de aplicación:

- Os artigos 4.1.d), 22.2.j) e 68 e 82.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que derroga a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Os artigos 44 a 55 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Os artigos 280 a 285 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Os artigos 45 a 48 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- O RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Guitiriz aprobado definitivamente por Orde da Xunta de Galicia de data 1/06/2020, pendente de publicar no BOP de Lugo.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como órgano instructor do procedemento ao Técnico de medio ambiente deste Concello JoseCornide Rio, e como secretario ao Secretario do Concello Pablo Portela Fernández, tendo en conta o establecido sobre a abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Comunicar o seu nomeamento aos funcionarios dándolle traslado de cantas actuacións existan no expediente tramitado habilitándoos para que realicen as actuacións necesarias.

SEGUNDO.- O acordo de iniciación do expediente de investigación publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permiten identificar o ben ou dereito investigado. Así mesmo, un exemplar de devanditos boletíns exporase durante quince días no taboleiro de anuncios da Corporación en que radiquen os bens. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello [<http://guitiriz.sedelectronica.gal>].

Posteriormente abrirase un trámite de información pública por prazo dun mes para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto consideren conveniente para o seu dereito ante a Corporación, para o que achegarán todos os documentos en que baseen as súas alegacións. Publicarase o acordo de iniciación do procedemento de investigación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello de Guitiriz, e no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrirase un período de proba por un prazo de 15 días hábiles no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados de acordo co Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución á Administración Estatal e Autonómica, para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente. >>

Guitiriz, 7 de marzo de 2023.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0700

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 19/79 BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTUDOS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE LUGO PARA O CURSO 2022-2023, na parte dispositiva do cal se fai constar:

“PRIMEIRO.- Convocar axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2022-2023.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2022-2023 do seguinte teor literal:

1.- Persoas beneficiarias

Poderá solicitar as axudas económicas para estudos obxecto desta convocatoria todo o persoal funcionario de carreira en propiedade, persoal laboral fixo e persoal temporal (funcionarios interinos, persoal laboral temporal e persoal eventual con máis dun ano de servizos prestados de forma ininterrompida dende o seu nomeamento ata a data de fin da convocatoria, coa excepción do persoal incluído en proxectos ou convenios subvencionados pola Unión Europea ou outras administracións públicas), e que estiveron en servizo activo no Concello de Lugo no período 1 de setembro 2022 ao 31 agosto 2023, polo menos, seis meses.

2.- Alcance

As axudas obxecto desta convocatoria van destinadas aos seguintes estudos:

- Educación infantil e primaria.
- Educación secundaria: ESO, bacharelato e formación profesional ciclos de grao medio.
- Graduado en ESO (ou equivalente) para adultos.
- Acceso á universidade.
- Formación profesional ciclos de grao superior.
- Educación universitaria: graos, mestrados e doutoramento.
- Educación especial: procederá no caso de que o alumnado para o que se solicite reciba unha educación especial con motivo de diversidade funcional física ou psíquica acreditada co certificado de minusvalía oficial e estea matriculado nalgún dos estudos sinalados nesta base.
- Estudos en conservatorios oficiais de Música e Danza.
- Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por Institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CCAA ou institucións europeas.
- Ensinanzas especiais superiores que teñan unha regulación especial con equivalencia de grao.

3.- Condicións xerais

Son condicións xerais para obter a axuda á que se refire esta convocatoria, e pola seguinte orde de preferencia:

- a) Que o alumno ou alumna sexa fillo/a ou menor a cargo do persoal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª que preste servizos no Concello de Lugo.
- b) Que o alumno/a sexa funcionario/a de carreira, persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª, que presten servizos no Concello de Lugo.
- c) Non percibir outra bolsa que supoña axuda económica para a mesma ou análoga finalidade académica.

4.- Consignación orzamentaria

Do importe total consignado no orzamento xeral da corporación para o exercicio 2024 no capítulo correspondente á acción social en favor do persoal funcionario e laboral, destinaranse para as axudas de estudos 20.000 €.

5.- Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á publicación no BOP ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, achegaranse a esta, inescusablemente, os seguintes documentos:

a) Para educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria, entregarase a certificación ou copia auténtica acreditativa de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que acredite que é alumno/a do centro ou declaración xurada de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que é alumno/a do centro.

b) Para bacharelato, formación profesional e acceso á universidade, entregarase: certificación acreditativa de estar matriculado do curso para o que se solicita a axuda ou acreditativo de que é alumno/a do centro.

c) Estudos universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente a, polo menos, 30 créditos para o que se solicita a axuda (co xustificante bancario do aboamento), así como do documento no que figuran relacionadas as disciplinas ou os créditos obrigatorios do curso en cada caso. No caso de pago fraccionado da matrícula, achegarse o resgardo do primeiro pagamento.

d) Para o doutoramento ou mestrados universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula, correspondente ao curso para o que se solicita a axuda e información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual.

e) Para educación especial, certificación acreditativa de estar matriculado nun centro durante o curso e ademais o certificado oficial que acredite a minusvalía, que só no caso de ser temporal a minusvalía terá que ser actualizado.

f) Todos os membros da unidade familiar que realicen traballos por conta allea deberán presentar a certificación negativa do seu centro de traballo ou empresa acreditativa de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin ou declaración xurada de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin do seu centro de traballo ou empresa.

No caso de que a documentación estea incompleta ou incorrecta, requiriráselle ao solicitante a súa presentación ou emenda no prazo improrrogable de 10 días, de acordo co establecido na lexislación vixente. A non presentación da documentación en prazo implicará a desestimación da solicitude.

7.- Contía das axudas

a) Educación infantil e primaria: 60 € .

b) Educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ciclos de grao medio e acceso á universidade: 100 € .

c) Formación profesional ciclos de grao superior: 120 € .

d) Estudos universitarios: medios, superiores e doutoramento: 180 €

e) Estudos en conservatorios oficiais de Música e Danza e ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CC.AA. ou institucións europeas: 150 €

f) Educación especial: 300 €.

8.- Porcentaxes

As persoas solicitantes que cumpran estas condicións xerais poderán percibir a axuda nas contías establecidas no punto 7 (contía das axudas). De non ser suficiente a consignación orzamentaria para aboar todas as axudas solicitadas ao 100%, repartirase ou deducirase proporcionalmente entre as persoas solicitantes de axudas.

9.- Prazo máximo para resolver:

O prazo máximo para resolver o procedemento será de tres meses.

10.- Disposición final

O feito de presentar a solicitude implica directamente a aceptación das bases coas súas condicións e requisitos mais a autorización expresa ao Concello para pedir, no nome da persoa solicitante, os documentos e certificados que sexan precisos segundo as bases da convocatoria

TERCEIRO.- Publicar esta convocatoria, xunto coas bases polas que se rexe, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 8 de marzo de 2024.- O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos, Angel Pablo Permuy Villanueva

R. 0701

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 20/80 BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ESTUDOS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE LUGO PARA O CURSO 2023-2024, na parte dispositiva do cal se fai constar:

“PRIMEIRO.- Convocar axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2023-2024.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2023-2024 do seguinte teor literal:

1.- Persoas beneficiarias

Poderá solicitar as axudas económicas para estudos obxecto desta convocatoria todo o persoal funcionario de carreira en propiedade, persoal laboral fixo, e persoal temporal (funcionarios interinos, persoal laboral temporal e persoal eventual con máis dun ano de servizos prestados de forma ininterrompida dende o seu nomeamento ata a data de fin da convocatoria, coa excepción do persoal incluído en proxectos ou convenios subvencionados pola Unión Europea ou outras administracións públicas), e que estiveron en servizo activo no Concello de Lugo no período 1 de setembro 2023 ao 31 agosto 2024, polo menos, seis meses.

2.- Alcance

As axudas obxecto desta convocatoria van destinadas aos seguintes estudos:

- Educación infantil e primaria.
- Educación secundaria: ESO, bacharelato e formación profesional ciclos de grao medio.
- Graduado en ESO (ou equivalente) para adultos.
- Acceso á universidade.
- Formación profesional ciclos de grao superior.
- Educación universitaria: graos, mestrados e doutoramento.
- Educación especial: procederá no caso de que o alumnado para o que se solicite reciba unha educación especial con motivo de diversidade funcional física ou psíquica acreditada co certificado de minusvalía oficial e estea matriculado nalgún dos estudos sinalados nesta base.
- Estudos en conservatorios oficiais de Música e Danza.
- Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CC.AA. ou institucións europeas.
- Ensinanzas especiais superiores que teñan unha regulación especial con equivalencia de grao.

3.- Condicións xerais

Son condicións xerais para obter a axuda á que se refire esta convocatoria, e pola seguinte orde de preferencia:

- a) Que o alumno ou alumna sexa fillo/a ou menor a cargo do persoal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª que preste servizos no Concello de Lugo.
- b) Que o alumno/a sexa funcionario/a de carreira, persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª que presten servizos no Concello de Lugo.
- c) Non percibir outra bolsa que supoña axuda económica para a mesma ou análoga finalidade académica.

4.- Consignación orzamentaria

Do importe total consignado no orzamento xeral da corporación para o exercicio 2024 no capítulo correspondente á acción social en favor do persoal funcionario e laboral, destinaranse para as axudas de estudos 20.000 €.

5.- Prazo de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á publicación no BOP ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.- Documentación

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, achegaranse a esta, inescusablemente, os seguintes documentos:

a) Para educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria, entregarase a certificación ou copia auténtica acreditativa de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que acredite que é alumno/a do centro ou declaración xurada de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que é alumno/a do centro.

b) Para bacharelato, formación profesional e acceso á universidade, entregarase: certificación acreditativa de estar matriculado do curso para o que se solicita a axuda ou acreditativo de que é alumno/a do centro.

c) Estudos universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente a, polo menos, 30 créditos para o que se solicita a axuda (co xustificante bancario do aboamento), así como do documento no que figuran relacionadas as disciplinas ou os créditos obrigatorios do curso en cada caso. No caso de pago fraccionado da matrícula, achegarase o resgardo do primeiro pagamento.

d) Para o doutoramento ou mestrados universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicita a axuda e información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual.

e) Para educación especial, certificación acreditativa de estar matriculado nun centro durante o curso e ademais o certificado oficial que acredite a minusvalía, que só no caso de ser temporal a minusvalía terá que ser actualizado.

f) Todos os membros da unidade familiar que realicen traballos por conta allea deberán presentar a certificación negativa do seu centro de traballo ou empresa acreditativa de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin ou declaración xurada de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin do seu centro de traballo ou empresa.

No caso de que a documentación estea incompleta ou incorrecta, requiriráselle ao solicitante a súa presentación ou emenda no prazo improrrogable de 10 días, de acordo co establecido na lexislación vixente. A non presentación da documentación en prazo implicará a desestimación da solicitude.

7.- Contía das axudas

a) Educación infantil e primaria: 60 € .

b) Educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ciclos de grao medio e acceso á universidade: 100 € .

c) Formación profesional ciclos de grao superior: 120 € .

d) Estudos universitarios: medios, superiores e doutoramento: 180 €

e) Estudos en conservatorios oficiais de Música e Danza e ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CC.AA. ou institucións europeas: 150 €

f) Educación especial: 300 €.

8.- Porcentaxes

As persoas solicitantes que cumpran estas condicións xerais poderán percibir a axuda nas contías establecidas no punto 7 (contía das axudas). De non ser suficiente a consignación orzamentaria para aboar todas as axudas solicitadas ao 100%, repartirase ou deducirase proporcionalmente entre as persoas solicitantes de axudas.

9.- Prazo máximo para resolver:

O prazo máximo para resolver o procedemento será de tres meses.

10.- Disposición final

O feito de presentar a solicitude implica directamente a aceptación das bases coas súas condicións e requisitos mais a autorización expresa ao Concello para pedir, no nome da persoa solicitante, os documentos e certificados que sexan precisos segundo as bases da convocatoria

TERCEIRO.- Publicar esta convocatoria, xunto coas bases polas que se rexe, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Lugo, 8 de marzo de 2024.- O Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos, Angel Pablo Permuy Villanueva

R. 0702

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de marzo de 2024 apróbase o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de febreiro de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 11 de marzo de 2024.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0703

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 27 de febreiro de 2024 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **NOVEMBRO-DECEMBRO 2023**, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 11 de marzo de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 0704

SARRIA

Anuncio

EXPEDIENTE Nº 519/2024: Aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Municipal Reguladora de Terrazas e Outras Ocupacións de Dominio Público Municipal.

Resolución: Acordo do Concello-Pleno de data 29/02/2024.

Regulación legal: Artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Obxecto: Sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicidade: O acordo de aprobación provisional e o texto coa modificación da Ordenanza operada estará tamén a disposición dos interesados no Portal de Transparencia de Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency/5c24c97b-566d-4fe8-9556-148c188070de/>

Sarria, 11 de marzo de 2024.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0705

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – BURELA

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO I CONCURSO SOBRE ACTITUDES POSITIVAS (NON TÓXICAS) NAS RELACIÓNS.

BDNS (Identif.): 748402

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/748402>)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderá participar calquera persoa que así o decida e a súa idade estea comprendida entre os 12 e os 30 anos existindo unha soa categoría. Os menores de idade terán que estar autorizados polo pai/nai ou titor/a legal.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso sobre actitudes positivas (non tóxicas) nas relacións, organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

O premio para o/a gañador/a será:

1º premio: lote valorado en 60 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Burela, 11 DE MARZO DE 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0706

Anuncio

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO X CONCURSO "21 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL".

BDNS (Identif.): 748378

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/748378>)

Primeiro. Beneficiarios:

Poderá participar no concurso calquera persoa que así o decida, sempre e cando teñan cumpridos 6 anos o último día da presentación de traballos.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das bases é a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Concurso "21 de marzo: Día Internacional para a eliminación da discriminación racial", organizado polo Concello de Burela.

Terceiro. Bases reguladoras:

A bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

Haberá 3 categorías (de 6 ata 12 anos; de 13 ata 17 anos; de 18 anos en diante) e en cada unha delas haberá 2 premios co mesmo importe para todas as categorías.

1º premio: lote valorado en 50 €.

2º premio: lote valorado en 30 €.

Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Burela, 11 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0707
